

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CORISTANCO

Aprobación padrón taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas da vía pública (vados) exercicio 2022

Aprobación de padrón fiscal Taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reserva da vía pública por aparcamento, carga e descarga de mercancías (vados) exercicio 2022.

ANUNCIO

Con data 18 de abril de 2022, pola Alcaldía-Presidencia do Concello de Coristanco, asinouse o Decreto nº 398/2022 co seguinte contido:

“Visto o Padrón municipal da taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reserva da vía pública por aparcamento, carga e descarga de mercancías, para o exercicio de 2022, composta por un total de 36 recibos e por un importe total de SETECENTOS VINTE TRES EUROS E SETENTA E TRES CÉNTIMOS (723,73 euros)

Visto o informe emitido pola Intervención deste Concello sobre os aspectos legais e procedimentais do asunto.

Vistas as miñas facultades atribuídas en virtude do disposto na Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 39/2015, de 1 de outubro, sobre procedemento administrativo das administracións públicas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o padrón municipal da “Taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas e reserva da vía pública por aparcamento, carga e descarga de mercancías” correspondentes ao exercicio 2022 segundo o seguinte desglose:

TAXA	IMPORTE PADRON	SUXEITOS PASIVOS
Vados 2022	723,73 euros	36

Segundo.- Expoñer ao público o presente acordo e tódolos datos que o padrón aproba, por un período de quince días no BOP e no no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta publicación, por tratarse de tributos de cobro periódico por recibo servirá de notificación colectiva a todo os contribuíntes, nos temos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Terceiro.- O período de cobro do presente padrón en período voluntario será o que se determine por parte da Deputación Provincial da Coruña en atención ao calendario fiscal aprobado a este efecto.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao Servizo de Xestión e Recadación da Deputación Provincial da Coruña para que proceda a xestionar o seu cobro e dar conta do mesmo aos servizos económicos do Concello para a súa constancia e efectos.

En cumprimento co acordado, asíñase este documento electronicamente para a súa publicación.

Coristanco, 19 de abril de 2022.

O alcalde

D. Juan Carlos García Pose